




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ria de Camariñas. Municipio: Muxía. Parroquias: Nosa Señora de Santa María da O ao norte, e San Xulián de Moraime ao sur. Extensión: 1.19Km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

O estreito val do río Lago, ao pé do Monte Cotrón polo norte, e doutros relevos hercínicos menores polo suroeste, ábrese cara á Ría de Camariñas a través dunha baixa chaira costeira na que a dinámica intermareal e fluvial orixinaron unha área de deposición de tipo praia (Praia do Lago).

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade repártese entre a granodiorita biotítica tardihercínica coñecida como Tipo Traba no norte e un granitoide migmático hercínico no sector central e sur, contendo nebulitas no sector das Baianas e na ladeira de Leis de Nemancos, cara ao Monte Agudo. O Cuaternario está representado pola praia e dunas de Lago e por unha acumulación de detritos erosivos graníticos na esquina sueste.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido. Recóllense entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por riba de 15°C e unha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Arenosos álbicos e háplicos no complexo sedimentario da praia do Lago. No fondo do val fluvial encóntranse os mellores solos, os máis desenvolvidos do tipo cambisol dístrico, mentres que, cara aos montes do Lago ao norte e de Merexo ao sur, co incremento da pendente, se forman solos de pouca profundidade, fundamentalmente umbrisois dístricos e dístrico-lépticos.


AS AUGAS

O curso principal desta unidade é o río do Lago, que desemboca na praia do Lago, na masa de Augas Costeiras da Ría de Camariñas (20136).

O PATRIMONIO NATURAL

Esta unidade está dentro do que se delimitou como área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Trátase dunha costa sedimentaria. É de destacar o medio de dunas da praia de Lago, non moi extenso e bastante degradado, pero que introduce os hábitats do grupo 21, "Dunas marítimas das costas atlánticas, do Mar do Norte e do Báltico". Na zona do lago, na desembocadura do río principal, existe unha área hidromorfa salobre que se podería incluír en medios de marisma, grupo 13 de hábitats. O medio continental está bastante transformado, e destaca a presenza dun bosque de ribeira no Río do Lago que conta cunhas 2ha contando coa súa continuidade polo prelitoral. Próximas a esta masa aparecen outras de tipo mixto tamén de certa entidade.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio de uso forestal do solo, estendéndose unha masa continua de bosque de repoboación composta fundamentalmente por piñeiro, ata o límite mesmo da praia. Nas partes altas do monte de Pedra Ladra, no extremo norte da unidade, certa superficie conserva a vexetación orixinaria costeira de mato, dun xeito moi minoritario. Só na parte meridional, nas ribeiras do río do Lago e nas terras lindeiras á unidade de Merexo (a superficie con menor pendente), mantense algunha superficie con uso agrícola. De maneira puntual, aparecen moi próximos á costa determinados usos (de acampada, restauración e similares) vinculados á explotación da praia como recurso turístico.

MORFOLOXÍA

Nesta unidade non existe ningún asentamento de orixe tradicional, nin ningún núcleo de poboación orixinada recentemente. As únicas edificacións que se encontran son as que están relacionadas cos fenómenos turísticos, illadas e enganchadas ás vías de comunicación, sen xerar tecido urbano.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía que articula a unidade é a que a percorre de norte a sur, paralelamente á costa e bastante próxima a esta. No extremo sur cruza o río do Lago, e desdóbrase pola vertente norte do seu val por onde sae unha estrada cara á On. É a única conexión transversal que se produce entre a fronte costeira e as terras interiores. No resto do territorio, tan só unha serie de pistas forestais facilitan o acceso ás diferentes parcelas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único elemento de interese catalogado nesta área é o Castro de Castrosil, na vertente sur do val do río do Lago. Ao non haber unha ocupación posterior continuada por parte do home, non quedan tampouco restos patrimoniais de relevancia posterior á época castrexa.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Predominio de cobertura boscosa na práctica totalidade do ámbito, cunha continuidade no uso forestal só interrompida pola introdución puntual de actividades distintas, fundamentalmente turísticas. A masa forestal desenvólvese ata a mesma area da Praia de Lago, dando lugar a unha zona de piñeirial litoral que caracteriza este areal. O aproveitamento turístico deste sistema, cunha accesibilidade relativamente boa desde as zonas máis interiores e desde núcleos como Muxía ou Camariñas, propiciou a aparición de dous cámpings, ambos os dous situados entre a masa forestal, a media ladeira e en primeira liña de costa, un deles con acceso directo á praia.

DINÁMICA DA PAISAXE

Este territorio mantívose sempre preservado das intervencións humanas intensivas, xa que pola súa configuración orográfica non se trata dun ámbito apropiado para desenvolver actividades agrícolas ou de pasto. Só na parte meridional, continuando o parcelario da unidade de Merexo, houbo, e consérvanse aínda, terras de cultivo. O único aproveitamento ao que se consagrou a maior parte da superficie, en ladeira cara á costa, foi o uso forestal, o que se mantivo ata día de hoxe. Recentemente, á calor dos novos patróns de lecer e turismo que fixeron da Praia de Lago un destino turístico marcado pola súa alta estacionalidade, apareceron instalacións de restauración e acampada ocupando terreos anteriormente forestais.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade pertence ao Espazo de Interese Paisaxístico Punta e Monte do Lago. Os valores ecolóxicos deste medio son moi altos, especialmente o conxunto formado polo areal de Lago e a desembocadura do río de mesmo nome. Na Praia de Lago ten que destacarse o sistema de dunas que aínda se conserva, que acolle un interesante piñeirial prolongamento dos bosques de reforestación das ladeiras que acaban na praia. Ao longo do río de Lago desenvólvese certa vexetación de ribeira representativa, aínda que é na desembocadura, ao formar un lago de transición de auga salobre, onde xera un fenómeno máis característico. A apertura cara ao occidente desta unidade permite que desde a Praia de Lago se abarque a práctica totalidade da ría de Camariñas, cos fitos singulares de Punta da Barca, Punta Villoeira e Punta do Corpiño de Chorente marcando as referencias que delimitan o ámbito antes de chegar a mar aberto.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



